II CONCURSO LITERARIO *IES XULIÁN MAGARIÑOS*

Os departamentos de Lingua Castelá e de Lingua Galega e a Biblioteca do IES Xulián Magariños convocan un **CONCURSO DE RELATOS** para todo o alumnado.

As bases polas que se rexerá o concurso son as seguintes:

1. **O tema será de libre elección**, e o relato presentado ha de ser orixinal, rigorosamente inédito e non ter sido premiado en ningún concurso literario.

2. **A lingua utilizada poderá ser o castelán ou o galego.**

3. A extensión mínima será de dúas caras, e a máxima, de seis.

4. Os orixinais presentaranse en folios mecanografados, con interlineado dobre e tamaño de letra 12.

5. Admitirase un máximo de dous traballos por cada participante.

6. Para garantir o anonimato, nos textos non deberán aparecer datos persoais nin firma, só un título e un pseudónimo. Deixaranse na conserxería nun sobre pechado no que poña nada máis o ciclo ao que pertenza o concursante (1º ou 2º ciclo da Eso, Bacharelato, Ciclos formativos ou FP básica). Dentro incluirase outro sobre, pechado igualmente, no que figure por fóra o pseudónimo e o título, e que teña dentro unha nota na que aparezan os datos do participante (nome, apelidos e curso).

7. **A data límite de presentación é o 21 de abril de 2022.**

8. O xurado estará constituído polos membros do Departamento de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura. O seu fallo será inapelable.

9. **A entrega de premios efectuarase o 29 de abril de 2022.**

10. Haberá un premio para cada unha das seguintes categorías.

    Primeiro ciclo de ESO: 75 euros, máis o agasallo dun libro.

    Segundo ciclo de ESO e FP básica: 75 euros, máis o agasallo dun libro.

    Bacharelato e Ciclos Formativos: 75 euros, máis o agasallo dun libro.

11. Atendendo á calidade dos traballos, o xurado poderá deixar algún premio deserto, así como outorgar un accésit.

12. Os relatos gañadores serán publicados na revista do IES sempre que sexa posible.

13. A participación neste concurso implica a plena aceptación das bases.

Negreira, 17 de marzo de 2022